

aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

O feito de que exista unha inscrición rexistral a favor do concello non impide por si a clasificación do monte como veciñal, agás que fose por sentenza a dita inscrición, segundo dispón o artigo 13 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o artigo 27 do seu regulamento (Decreto 260/1992).

Reiterada xurisprudencia do TS (así as STS 27-02-1998, 7-3-2001) establece que o xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común debe limitarse a constatar a existencia ou non do aproveitamento consuetudinario do monte polo grupo social que o vén disfrutando, non sendo de competencia do xurado os conflitos da propiedade, que corresponden á xurisdición ordinaria.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros, resolve:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares de Berredo e San Pedro, parroquia de San Miguel de Berredo, no concello da Bola (Ourense) coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Ourense, 22 de xuño de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común

Edicto do 26 de xuño de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de comunal de Bouzas, por solicitude dos veciños de Bouzas, da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 10 de marzo de 2009, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Comunal de Bouzas a favor dos veciños da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense), resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro.-Con data do 10 de abril de 2008 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños de Bouzas, da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense), no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños do citado lugar.

Segundo.-Con data do 2 de xullo de 2008, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designar instrutor e proceder a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións foron presentadas alegacións polo concello que alega que o monte non é veciñal en man común, que é de titularidade municipal e figura inscrito no inventario de bens correspondente. Os veciños non presentaron alegacións.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: A Merca.

Denominación do monte: monte comunal de Bouzas.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Bouzas, parroquia da Manchica.

Superficie total: 29,03 ha.

Parcela: Monte do Medio.

Superficie: 15,05 ha.

Lindeiros:

Norte: camiño público.

Sur: camiño público; María Gulín Outomuro; Manuel Suárez Garrido; Manuel Outomuro Suárez e outros.

Leste: camiño público; Ángel Outomuro Pascual; camiño público.

Oeste: Delmira Fernández Fernández; Ángela Fernández Fernández; Consuelo Santos Martínez; Gumersindo Outomuro Martínez; Manuel Fernández Sueiro e outros; Celia Fernández Congil; Francisco Crestelo Mosquera; Luísa Seara Garrido; Benito Justo González, Josefa Sierra Iglesias; Jose Outomuro Fernández e outros.

Parcela: O Carballal.

Superficie: 3,23 ha.

Lindeiros:

Norte: camiño público.

Sur: camiño público; parcelas cat. nº 3 do polígono 029*.

Leste: camiño público.

Oeste: camiño público.

Parcela: A Bacariza.

Superficie: 10,75 ha.

Lindeiros:

Norte: parcelas cat. nº 104, 105, 100, 99, 97, 96, 95, 74, 73, 72, 68, 67 do polígono 023*.

Sur: camiño público; parcelas cat. nº 139 do polígono 029*.

Leste: camiño público; parcelas cat. nº 59, 56 e 55 do polígono 029*.

Oeste: camiño público.

(*) Parcelas catastrais en que non houbo acceso á súa titularidade.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñen tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais, na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común e, outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento dos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido ningunha reclamación de titularidade distinta.

Precisamente, no mesmo escrito do concello se detalla que tanto os terreos ocupados polo campo de fútbol como os ocupados polas escolas unitarias foron cedidos no seu momento polos veciños para as finalidades previstas no seu momento, o cal parece supoñer unha titularidade por parte de aqueles.

O artigo 5 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, dispón que os montes veciñais en man común, malia a súa inalienabilidade, poderán ser obxecto de cesión que poderá ser por tempo indefinido a favor de calquera das administracións públicas cando sexan destinados a equipamentos a prol da propia comunidade, polo que as alegacións presentadas polo concello non empecen a clasificación do monte como veciñal, máis ben veñen indirectamente a confirmar a súa titularidade por canto o propio concello solicitou o consentimento dos veciños, segundo indica no seu escrito, para ocupar os terreos destinados aos fins antes indicados.

Á vista do anterior, acórdase desestimar as alegacións presentadas e clasificar como veciñal en man común o monte Comunal de Bouzas, formado polas parcelas

denominadas Monte do Medio, O Carballal e A Bacariza, a favor dos veciños de Bouzas, no concello da Merca.

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común, a favor dos veciños da parroquia da Manchica, no concello da Merca (Ourense), coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 26 de xuño de 2009.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Cédula do 30 de xuño de 2009 pola que se notifica a resolución pola que se ordena a demolición con apercibimento de imposición de multas coercitivas, devolta polo servizo de correos por resultar o seu destinatario ausente na repartición. (Expediente 63.13/95).

O director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ditou, con data do 8 de xuño de 2009, resolución pola que se ordena a María Oliva Carrera a demolición con apercibimento de imposición de multas coercitivas derivada do expediente sancionador e de reposición da legalidade nº 63.13/95, que lle foi incoado a María Oliva Carrera García pola realización de obras abusivas executadas dentro da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, consistentes na construción dunha vivenda de planta baixa e planta primeira cunha posterior ampliación da planta primeira, no lugar de praia Mexilloeira, termo municipal do Grove carecendo da preceptiva autorización desta comunidade autónoma.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante esta cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselle á interesado a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber á interesada que o texto íntegro da resolución que se notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no edificio Witland, 1º andar-Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, a interesada poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta cédula, ante o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, significándolle que o recurso unicamente será admisible por motivos de infracción do ordenamento inherentes á imposición desta multa coercitiva, sendo motivo de inadmisión a reiteración das mesmas razóns que se esgrimiron ou puideron esgrimirse fronte á resolución da que este acordo é un mero acto de execución.

No caso de non exercer o seu dereito a presentar recurso potestativo de reposición, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso-administrativo en cuxa circunscrición radique o inmovible afectado, conforme o disposto no artigo 14.1º, regra terceira, da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.


Para que conste e lle sirva de notificación de resolución á destinataria arriba indicada, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección
da Legalidade Urbanística

Cédula do 2 de xullo de 2009 de emprazamento para trámite de audiencia, devolta polo servizo de correos por resultar o seu destinatario descoñecido na repartición.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, publícase o emprazamento para trámite de audiencia ditado no expediente de reposición da legalidade urbanística nº 107 B-2008/47-0, a Marcelino Guisande Pérez en relación coas obras consistentes na alteración da rasante natural do terreo, construción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta de 155 m², e soleira de formigón de 40,25 m², no camiño da Granxa s/n, parroquia de Parada, concello de Nigrán, provincia de Pontevedra.



LEND
Vértices da poligonal
Limite dos montes

EXTREMAS DO MONTE DOS VECINOS DE BOUZAS
(Comunal de BOUZAS)

Lugar: **BOUZAS**

Parroquia: **A MANCHICA**

Concello: **A MERCA**

SUPERFICIE TOTAL: 29,03 Ha

PARCELA "MONTE DO MEDIO" Sup.: 15,05 Ha.

NORTE: Camiño público

SUR: Camiño público; María Gulín Outomuro; Manuel Suárez Garrido; Manuel Outomuro Suárez y otros.

LESTE: Camino público; Angel Outomuro Pazcual; Camino público

OESTE: Delmira Fernández Fernández; Angela Fernández Fernández; Consuelo Santos Martínez; Gumersindo Outomuro Martínez; Manuel Fernández Sueiro y otros; Celia Fernández Congil; Francisco Crestelo Mosquera; Luísa Seara Garrido; Benito Justo González; Josefa Sierra Iglesias; José Outomuro Fernández y otros.

PARCELA "O CARBALLAL" Sup.: 3,23 Ha.

NORTE: Camiño público

SUR: Camiño público; Parcelas cat. Nº 3 do polígono 029 *

LESTE: Camiño público

OESTE: Camiño público

PARCELA "A BACARIZA" Sup.: 10,75 Ha.

NORTE: Parcelas cat. Nº 104, 105, 100, 99, 97, 96, 95, 74, 73, 72, 68, 67 do polígono 023 *

SUR: Camiño público; Parcelas cat. Nº 139 do polígono 029 *

LESTE: Camiño público; Parcelas cat. Nº 59, 56 e 55 do polígono 029 *

OESTE: Camiño público

(*) Parcelas catastrales nas que non houbo acceso a titularidade das mesmas

COORDENADAS UTM DOS VÉRTICES DA POLIGONAL

Vért.	X	Y	Vért.	X	Y
1	589161.0	4675886	64	588173.3	4675941
2	589155.6	4675891	65	588158.3	4675970
3	589175.0	4675941	66	588144.4	4676018
4	589061.3	4675977	67	588202.2	4675987
5	589091.4	4676021	68	588225.3	4676066
6	589099.9	4676043	69	588342.0	4676093
7	589101.4	4676047	70	588345.4	4676122
8	589120.1	4676054	71	588325.8	4676140
9	589128.4	4676060	72	588299.2	4676160
10	589134.8	4676063	73	588279.6	4676170
11	589147.7	4676064	74	588271.5	4676166
12	589162.1	4676062	75	588258.8	4676166
13	589177.5	4676056	76	588256.5	4676169
14	589202.9	4676043	77	588256.5	4676181
15	589235.2	4675991	78	588250.7	4676194
16	589256.0	4675969	79	588250.6	4676201
17	589275.0	4675950	80	588290.0	4676219
18	589290.5	4675932	81	588308.7	4676228
19	589300.3	4675903	82	588290.0	4676260
20	589301.9	4675881	83	588292.3	4676264
21	589307.0	4675869	84	588307.0	4676264
22	589306.6	4675861	85	588325.8	4676267
23	589305.9	4675846	86	588364.0	4676275
24	589303.0	4675833	87	588369.7	4676265
25	589285.8	4675798	88	588406.3	4676195
26	589268.6	4675773	89	588470.2	4676171
27	589220.5	4675824	90	588670.1	4676156
29	587871.9	4676243	91	588682.8	4676151
30	587848.8	4676262	92	588731.7	4676102
31	587822.1	4676275	93	588752.9	4676089
32	587763.5	4676293	94	588765.3	4676087
33	587711.9	4676294	95	588748.2	4676062
34	587680.0	4676277	96	588784.9	4676040
35	587640.9	4676234	97	588738.3	4675981
36	587616.0	4676170	98	588730.8	4675976
37	587562.8	4676125	99	588675.2	4675976
38	587490.9	4676163	100	588646.3	4675982
39	587498.7	4676191	101	588579.5	4675992
40	587500.5	4676229	102	588549.6	4675996
41	587505.8	4676321	103	588478.4	4675996
42	587525.4	4676586	104	588456.4	4675988
43	587623.1	4676563	105	588443.6	4675976
44	587621.3	4676584	106	588438.9	4675960
45	587699.5	4676611	107	588407.3	4675974
46	587749.3	4676541	108	588400.1	4675957
47	587751.0	4676508	109	588434.7	4675941
48	587775.9	4676465	110	588433.2	4675933
49	587816.8	4676408	111	588425.0	4675923
50	587834.5	4676381	112	588387.1	4675886
51	587871.9	4676351	113	588384.7	4675883
52	587866.5	4676330	114	588381.2	4675858
53	587864.8	4676298	115	588385.9	4675828
54	587903.8	4676266	116	588392.8	4675809
56	588189.5	4675773	117	588406.7	4675785
57	588232.2	4675856	118	588441.3	4675761
58	588213.7	4675870	119	588456.3	4675751
59	588212.6	4675899	120	588451.7	4675749
60	588192.6	4675901	121	588422.5	4675746
61	588192.9	4675916	122	588410.4	4675745
62	588188.3	4675944	123	588348.9	4675703
63	588181.4	4675939			